



Marcopola, a illa remeira



Marcopola era unha illa aillada no medio do océano que se aburría moito; ata que unha mañá ao erguerse, descubriu na orilla da súa praia un extraño obxecto... Qué será?... Para que servirá?

Jacobo Fernández Serrano **EDIT. XERAIS**

El abominable LOBO amable




E si o lobo non fora tan malo como din?

En formato de banda deseñada BenLebègue cunha linguaxe fresca e atrevida reescribe seis contos populares que teñen protagonista ao lobo.

BenLebègue **EDIT. TAKATUKA**

Thom




Thom é un granxeiro americano emigrado en Tui, onde padece os avatares dos campesiños galegos, comparte aventuras cos animais da finca (o porco Cholo, a galiña Maruxa...) e suspira polos rañaceos de New York...

Andrés Meixide **FACTORÍA K DE LIBROS**


As voces baixas.

Esta obra é unha construción de humor e dor. Unha novela da vida para chorar e rir. Quen son as voces baixas? Son as criaturas, os nenos e nenas, as mulleres que falan soas, os mortos, os animais... É a ironía a que sostén as palabras, a que termina das «voces baixas» para que non se afundan.

Manuel Rivas. **EDIT. XERAIS**



Enrugas



Narra a tenra historia de amizade entre dous anciáns. Nela Emilio, recién chegado á residencia, comparte cuarto con Miguel, un veterano que lle axuda a integrarse, dándolle a súa particular visión sobre as regras, as rutinas, os residentes e os espazos do seu novo domicilio.

Paco Roca. **El patito Editorial**

Non esquezades visitar:

www.abelendo.blogspot.com

www.abelendoin.blogspot.com

www.novasdoprimeirociclo.blogspot.com

www.segulendo.blogspot.com

www.novasterceirociclo.blogspot.com

www.centros.edu.xunta.es/ceipabelendo

Feliz Nadal
de lecturas



DECEMBRO 2012

BIBLIOTECA VIVA

CEIP ABELENDO

MOAÑA


Gatiño e a neve

E. INFANTIL

Días de clase

PRIMEIRO CICLO

Marisela e o Roxo



Brancos coma a neve, negros coma o carbón. A amizade entre Gatiño e Coella é o paradigma da integración entre dúas especies que, coma as persoas, poden ser iguais pero diferentes.

Joel Franz Rossell. **EDIT. KALANDRAKA**

Colección MAMUT



MAMUT é unha colección de Banda Deseñada pensada e articulada exclusivamente para nenos e nenas a partir dos tres anos. Creáronse estes libros de autor segundo as capacidades dos pequenos lectores.

Juan Berrio,
Fermín Solís, Miguel B. Núñez.

Bicos de música

Bicos de música é a nova entrega musical de Mamá Cabra que publica a editorial Galaxia. Estamos ante un libro ilustrado por Kristina Sabaite coas letras das cancións, un CD cos temas de letras ben alegres e un DVD con karaoke.



Mamá Cabra. **EDIT. GALAXIA**



O avó de Álvaro intentou cazar un elefante. O veciño de Beatriz ten un can que vai á compra, fai a comida e coida do seu dono que é un pouco despistado.

Para Rodrigo, Noemí. Damian e os demais, os días de clase son unha aventura... só teñen que escoitar.

Daniel Nesquens.

El hombre de la luna




O home da Lúa non sempre foi un home, non sempre estivo na Lúa.

Hai moito tempo foi pequeno, ata que unha batalla contra o malvado Sombra, Rei dos Pesadelos deixouno orfo e empurrouno a unha aventura que o convertería no primeiro gardian da Infancia.

William Joyce. **EDIT. COMBEL**

Las aventuras de Alfred & Agatha


SEGUNDO CICLO



Unha parella de miniinvestigadores cunha forte personalidade que transforma as súas travesuras en casos policiais.

Que tería ocorrido se Alfred Hitchcock e Agatha Christie se houberan coñecido de nenos?


Ana Campoy **EDEBÉ**



O amor xurdiu no mercado, cando un mozo de pelo roxo lle regalou á princesa unha mazá, malia que lle podía caer un lapote dun garda real, que daquela non andaban con andrómenas. Non será esta a mazá envelenada de Brancaneves?

Geovanys e García. **EDIT. OQO**

Colección Los investigadores del arte TERCEIRO CICLO




Ao longo das súas viaxes a David e a súa familia que son os protagonistas desta colección, se lle presentan misterios que resolven con éxito.

Ademáis de Intriga en Nueva York, nesta colección hai tres aventuras máis como intriga en Venecia.....

Sortland Bjorn. **EDIT. EDELVIVES**

Palabras de auga



Un libro que nos transporta á África máis profunda, a esoutra realidade á que tan doadamente lle damos as costas, a un lugar calquera de esa inmensidade continental onde o sufrimento é continuo e a busca de alimentos a única opción de supervivencia.

Marcos Calveiro. **EDIT. XERAIS**